



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL OROSO

Aprobación definitiva de modificación da relación de postos de traballo. Expte. 2024/E004/000002

ANUNCIO

Finalizado o prazo de exposición ao público de vinte días do acordo de aprobación inicial da modificación da relación de postos de traballo e do organigrama do Concello de Oroso (A Coruña), adoptado polo Pleno da Corporación en sesión que tivo lugar o 26/09/2024, e aprobado definitivamente de xeito automático ao non terse presentado alegacións en prazo, de conformidade co establecido no artigo 90 da Lei 7/1985 de base de réxime local e artigo 202 da lei 2/2015 de emprego público de Galicia

En cumprimento do disposto na lexislación vixente publícase o resumo da dita modificación:

Logo de ver a proposta de modificación da relación de postos de traballo do Concello de Oroso, asinada con data de 11/09/2024 na que se pretende a concreción da ficha nº 07.00.04 correspondente ao posto de conserxe de tal xeito que se especifiquen as tarefas que xa se viñan desenvolvendo polo traballador que viña ocupando tal posto, evitando deixar unha redacción aberta que poida dar lugar a equívocos ou a inclusión de novas tarefas non relacionadas.

Deste xeito a redacción que establecía:

“Desenvolverán tarefas correspondentes á conserxería así como traballos de mantemento ordinarios das instalacións ás que se adscriban, no eido da carpintería, electricidade, fontanería etc.... que pola súa complexidade non esixan de traballadores cualificados.”

Queda definitivamente modificada pola seguinte:

“Desenvolverán tarefas correspondentes á conserxería así como traballos de mantemento ordinarios das instalacións ás que se adscriban, no eido da carpintería, electricidade, fontanería, corta, poda e mantemento das zonas axardinadas, incluíndo o uso de pequena maquinaria e que pola súa complexidade non esixan de traballadores cualificados.”

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó de publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo competente, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición. Previamente cabe interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acordo no prazo dun mes, sen que a súa interposición suspenda por se soa a aplicación da relación de postos de traballo e organigrama aprobados pola Corporación.

O que se publica para xeral coñecemento.

Oroso, 14 de novembro de 2024

O alcalde

Alexander Doval Expósito.

2024/8155